

# POLÉMICAS FEMINISTAS CON MONTSERRAT OLIVÁN

**O** GRUPO DE MULLERES da Facultade de Económicas de Santiago invitou a Montse Oliván a presentar o libro *Polémicas Feministas* escrito en colaboración con **Paloma Uría** e **Empar Pineda** e que saíra do prelo en Outubro do 85. Segundo as autoras cando publicaron este feixe de artigos propuxéronse aportar algunhas pinceladas útiles para ir construindo unha teoría da opresión da muller desde perspectivas teóricas marxistas e cunha orientación política revolucionaria.

Perante un aula chea de xente Montse Oliván escomezou a súa disertación facéndose unha serie de preguntas similares ás que se fixeron as feministas norteamericanas no ano 60 ou as españolas no 70, *¿quén oprime ás mulleres? ¿quén é o enemigo? ¿a quen hai que enfrentarse?*

Montse ó igoal que as dúas compañeiras de traballo manifestase contra o Poder mais articulado e insertado na sociedade burguesa, e o Poder que exerce a explotación. Sempre, desde o Movemento Feminista, parte Montse Oliván, de dous feitos ou factores:

- *As mulleres formamos un grupo oprimido. E iso é algo que nos une, mesmo tendo moitas diferencias.*

- *A vida da muller non ven marcada só polo feito de ser muller. A vida das mulleres e súa opresión está determinada pola clase, raza, país, entorno...*

A sociedade fainos desempeñar un determinado rol pola nosa capacidade reproductora. Isto limitanos e oprímenos. A nosa situación non oustante mellorou respecto da das nosas nais pero como por riba de todo segue a ser o noso papel fundamental o ser nais e cuidadoras da familia —esa é a nosa primeira tarefa— continua a nosa dependencia e subordinación có que isto significa de miseria sexual, das nosas limitacións no traballo asalariado, da imaxe psicolóxica que se nos asigna... A constatación de este enfrentamento homes - mulleres e a correspondente opresión foi un punto de partida importante.

Montse Oliván cuestionase de seguido *¿cómo levar a loita da nosa liberación e por onde encamiñar esa loita?* Aínda que Montse insiste en



que polo mero feito de ser mulleres estamos todas oprimidas diferencia sin embargo o que pode significar pertencer a unha ou outra clase social e si a nosa loita debe inscribirse na loita contra o capitalismo ou non?

A Familia —sinala Montse— é o núcleo privilexiado onde se perpetua a opresión pero —deixa ben claro a conferenciante— o traballo doméstico non só serve para a satisfacción dos homes senon que ten unhas utilidades que trascenden o ámbito familiar. Hai dúas grandes conexións entre familia, e o traballo exterior. O traballo que as mulleres realizan reproduce ou axuda a reproducila forza de traballo fundamental para o entramado social. Hai unha relación estreitísima entre o traballo das mulleres e a realidade social, o sistema. A subordinación das mulleres interesa ós homes e a sociedade para seguir funcionando cos mesmos privilexios.

O traballo doméstico, até os primeiros estudos Feministas non era *traballo*; era *só as suas labores* no D.N.I. O estado seguía a refrendaren os privilexios dos homes. Falar, penetrar na relación, mulleres, amas de casa coas clases sociais era complicado por varios factores, fundamentalmente porque o marxismo non falara nunca da muller en todo isto. O marxismo tradicional limitárase a assimilar ás mulleres á clase dos maridos, o que non era riguroso. Porque si por clase obreira entendemos a que só ten a súa forza de traballo para vender, as mulleres entramos de cheo nesta definición: Carecemos de propiedades pero cunha particularidade, os homes

venden a súa forza de traballo para conseguir manterse na vida. Hai mulleres que endexamais venderon a súa forza de traballo. E logo están os enfrentamentos cos compañeiros de clase —exemplo recente os mineiros de Asturias—. E non podemos esquecer que hai mulleres que forman parte da burguesía, que teñen capital e explotan a outros homes e mulleres. Estas mulleres están interesadas no mantemento do Capitalismo para seguir obtendo privilexios. *¿Poden plantexar loitas contra a subordinación coma mulleres?* Si, pero non excesiva.

O Movemento Feminista recalca Montse Oliván **está composto no 100% por mulleres traballadoras e non é casual**. Nosoutras —di a coautora de *Polémicas Feministas*— pensamos que hai dúas cousas sobre as que insistir:

a) **Á loita abrímoslle un flanco novo: a nosa liberación coma mulleres, plantexamos cómo debe se-la nosa vida.**

b) **A corrente marxista olvidouse da contradición home-muller. Non se analizou a opresión específica das mulleres.**

*O Movemento Feminista é unha forza subversiva. Segue a ser un movemento de loita. E ceceais o movemento que mais se mantivo —sen altibaixos— desde o ano 75.*

O Movemento Feminista salientou Montse e *o máis conflictivo e irrespetuoso coa Lei —exemplo recente, Aborto—.*

O libro *Polémicas Feministas* nun principio pensouse como destinatario para o Movemento Feminista, un Movemento que segue puxante e que sempre debe estar encardinado no conxunto das loitas sociais. Non podemos esquecer que o que coñecemos coma M.F. en Norteamérica, Francia e España xorden cando as mulleres son activas nas loitas populares: contra da guerra de Vietnam, discriminación dos negros, Maio '68, loita contra o franquismo...

Un largo e interesante debate e o optimismo de Montse Oliván de cara o noso futuro coma Movemento Feminista pero iso si: **«Sin baixar a garda nin un momento. Son moitos os enemigos que nos acechan».** □

Teresa Navaza